



RESOLUCIÓN DO 4 DE MARZO DE 2022 DA XERENCIA DE ÁREA DA CORUÑA E CEE POLA QUE SE CONVOCA PROCESO EXTRAORDINARIO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA NA CATEGORÍA DE TÉCNICO SUPERIOR EN LABORATORIO DE DIAGNÓSTICO CLÍNICO NO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA

Exposición de motivos

En data 14 de decembro de 2021, e de conformidade co establecido na Base Décimo Segunda do vixente acordo relativo a Bases da Convocatoria do Concurso de Mobilidade Interna do Persoal Estatutario Fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, publicouse na páxina web do Espazo do Profesional convocatoria interna para o persoal con praza fixa na área determinada de Laboratorio de Microbioloxía do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

Na devandita convocatoria ofertábanse dúas prazas de Técnico Superior en Laboratorio de Diagnóstico Clínico, para Microbioloxía – Secuenciación, en quenda fixa de mañá.

Mediante Resolución do 29 de decembro de 2021, procedeuse á adxudicación das prazas convocadas no proceso indicado con anterioridade, resultando deserta unha das prazas convocadas.

En sesión da Comisión de Traslados Internos definida na Base Cuarta do vixente acordo de mobilidade interna do persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, celebrada o día 28 de febreiro de 2022, acórdase o seguinte:

“Resultando deserta unha das prazas de Técnico Superior en Laboratorio de Diagnóstico Clínico (Laboratorio de Microbioloxía – Secuenciación – quenda de mañá) convocada mediante área determinada en data 14 de decembro de 2021, e atendendo ás especiais características de formación que tal posto implica, esta Comisión considera oportuno realizar unha convocatoria extraordinaria de mobilidade voluntaria interna, aos efectos da provisión da devandita praza con carácter definitivo”.

En virtude do anterior, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Quinta do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde; nos Criterios Reitores das bases de mobilidade voluntaria do persoal estatutario fixo, correspondente ás categorías de persoal sanitario diplomado e de formación profesional, e de persoal de xestión e servizos das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde; así como nas Bases da convocatoria do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado sanitario de formación profesional e de xestión e servizos no





Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, asinadas o 29 de decembro de 2020, a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- OBXECTO

Convocar proceso extraordinario de mobilidade interna voluntaria, na categoría de Técnico Superior en Laboratorio de Diagnóstico Clínico, para a provisión da praza que a seguir se indica:

Denominación do posto	Ubicación	Quenda	Nº de postos ofertados
TEL Laboratorio Microbioloxía - Secuenciación	HUAC	Fixa de mañá	1

SEGUNDO.- NORMAS XERAIS

O proceso rexerase polas Bases da convocatoria do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, que figuran como Anexo I á Resolución do 10 de marzo de 2021, pola que se convoca o procedemento de mobilidade interna voluntaria do devandito Complexo, no que non se opoña ao establecido na presente Resolución.

TERCEIRO .- SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes de participación axustaranse, necesariamente, ao modelo que se xunta como Anexo I á presente Resolución, que deberá ser cuberto, impreso e presentado no rexistro do CHUAC (planta semisoto do Hotel de Pacientes do Hospital A Coruña) ou, segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para a presentación de solicitudes de participación será de 15 días naturais a contar desde o seguinte ao da publicación da presente Resolución na páxina web do Espazo do Profesional.

CUARTO .- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E ACREDITACIÓN DE MÉRITOS

Os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria na data de publicación da presente na páxina web do Espazo do Profesional.





Os méritos valoraranse con referencia ao día inmediatamente anterior, inclusive, ao da devandita publicación.

Tales méritos deberán estar debidamente rexistrados no sistema informático Expedient-e e acreditados documentalmente pola persoa interesada na data límite de finalización do prazo de presentación de solicitudes seguindo o procedemento descrito no Anexo II das bases. Non será obxecto de valoración neste procedemento de mobilidade interna voluntaria ningún mérito inserido no sistema informático e/ou acreditado polos participantes con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes a partir do día seguinte á súa publicación, nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

DILIXENCIA: Para facer constar que con esta mesma data publícase a presente Resolución na páxina web do Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

A Coruña, 4 de marzo de 2022

Asdo.: Javier Fernández Nistal
Director de Recursos Humanos

A Coruña, 4 de marzo de 2022



SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE

XERENCIA

O Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

Asdo.: Luis Verde Remeseiro





ANEXO I

INSCRICIÓN DE MOBILIDADE VOLUNTARIA INTERNA

Datos Persoais:

Nome:	NIF:
Nacionalidade:	Data nacemento:
Enderezo:	

Categoría/Situación Administrativa

Categoría:	
Situación Administrativa:	
☐ Activo ou con reserva de praza	Data toma de posesión:
☐ Reingreso Provisional	Centro:
☐ Comisión de Servizo noutro Centro	

En _____, o _____ de _____ de 2022

Sinatura:

XERENCIA DA ÁREA SANITARIA A CORUÑA E CEE

